

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO OITAVO.- PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN, PROMOCIÓN DA SAÚDE E DINAMIZACIÓN DE PERSOAS MAIORES (PROGRAMA AMESSAN) DO CONCELLO DE AMES.

Con data 30 de abril de 2018 a empresa Magnafor Qualitas S.L. mediante instancia presentada por rexistro de entrada, con número 18015297769 solicita a primeira prórroga do contrato do Servizo de desenvolvemento de Actividades de Prevención, Promoción da Saúde e Dinamización de Persoas Maiores do Concello de Ames, en base á cláusula segunda do devandito contrato.

Visto o informe favorable do 21 de maio de 2018 emitido polo técnico da Oficina de Voluntariado na súa condición de responsable do contrato.

Visto o informe de 6 de xuño de 2018 emitido por Secretaría sobre a lexislación aplicable e órgano competente para autorizar a primeira prórroga do contrato do Servizo de desenvolvemento de Actividades de Prevención, Promoción da Saúde e Dinamización de Persoas Maiores.

Visto o informe de fiscalización de carácter favorable da Intervención Municipal (Informe 223/2018 de 11 de xuño).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- *Prestar aprobación á primeira prórroga do contrato do Servizo de desenvolvemento de Actividades de Prevención, Promoción da Saúde e Dinamización de Persoas Maiores (Programa AMESSAN) por UNHA TEMPADA (outubro 2018 – xuño 2019), en base á cláusula segunda do contrato formalizado o 1 de outubro de 2016 coa empresa Magnafor Qualitas S.L., que é do teor literal seguinte: “A duración inicial do contrato será de DUAS TEMPADAS (2016/2017 e 2017/2018), podendo prorrogarse de maneira expresa por tempadas ata un máximo de CATRO TEMPADAS, incluída duración inicial e prórrogas, tendo en conta que a duración de cada tempada é de nove meses, dando comenzo a tempada o 1 de outubro e rematando o 30 de xuño (ambos incluídos) do ano seguinte”.*

Segundo.- *Notificar á empresa Magnafor Qualitas S.L., adxudicataria do contrato, o acordo de prórroga.*

Terceiro.- *Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, dezaoto de xuño de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria